



INSTITUTO
GALEGO DE
ESTADÍSTICA



INFORME SOBRE O ÍNDICE DE COMERCIO POLO MIÚDO

Xuño 2024

Santiago de Compostela, 26 de xullo de 2024

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web: <http://www.ige.eu>

Índice de comercio polo miúdo (ICM). Xuño 2024

- O índice xeral do comercio polo miúdo a prezos constantes rexistrou en Galicia en xuño de 2024 con respecto ao mesmo período do ano anterior unha taxa do -2,2% e no conxunto de España do -1,5%.
- Por produtos, as vendas en Alimentación diminúen un 1,4% e no Resto de produtos un 2,7%.
- As vendas minoristas diminúen en catorce comunidades autónomas.
- O índice xeral do comercio polo miúdo a prezos correntes rexistra un crecemento do 0,6% en Galicia no mes de xuño de 2024 con respecto ao mesmo período do ano anterior, e no conxunto de España do 1,1%.
- O índice xeral de ocupación rexistra unha taxa do 0,0% en Galicia e do 1,5% no conxunto do Estado.
- A ocupación aumenta en dez comunidades autónomas no mes de xuño.

Índices de comercio polo miúdo a prezos constantes. Xuño 2024

Taxa de variación do índice xeral sen estacións de servizo e achegas dos seus compoñentes	Índice	Variacións (%)	
		Interanual	No que vai de ano
Xeral	98,5	-2,2	0,4
Xeral sen estacións de servizo	97,4	-2,5	0,2
Alimentación	93,5	-1,4	0,9
Resto	103,8	-2,7	0,6


Categoría	Interanual (%)	No que vai de ano (%)
Xeral	-2,5	0,2
Xeral sen estacións de servizo	-0,7	0,1
Alimentación	-1,9	0,1

1. Índice xeral de comercio polo miúdo a prezos constantes

O índice xeral de comercio polo miúdo a prezos constantes rexistra unha taxa do -2,2% en Galicia en xuño de 2024 con respecto ao mesmo período do ano anterior e do -1,5% no conxunto de España.

O índice xeral sen estacións de servizo diminúe un 2,5% en Galicia e un 1,4% en España respecto a xuño de 2023. Desagregando por produtos:

- A Alimentación reduce a facturación un 1,4% tanto en Galicia e un 1,2% no conxunto de España.
- O Resto de produtos diminúe un 2,7% en Galicia e un 0,6% no conxunto do Estado.



Na primeira metade do ano, as vendas minoristas aumentan un 0,4% en Galicia e un 1,1% en España. Rexístrase un incremento das vendas tanto en Alimentación (0,9% en Galicia e 1,1% en España) como no Resto de produtos (0,6% en Galicia e 2,4% en España).

2. Índices por comunidades autónomas


As vendas diminúen en catorce comunidades autónomas. As comunidades con maiores caídas son Madrid (-6,1%) e Asturias (-4,0%).

As vendas aumentan en tres comunidades: Canarias (1,9%), Comunitat Valenciana (1,1%) e Andalucía (0,9%).

No que vai de ano, o índice aumenta en todas as comunidades autónomas agás en Madrid (-2,0%) e Illes Balears (-0,9%). As taxas máis altas preséntanse en Canarias (4,2%), Andalucía (3,3%) e Cantabria (3,0%).

Índice xeral do comercio minorista a prezos constantes. Xuño 2024

Taxas de variación en %



3. Índice xeral do comercio polo miúdo a prezos correntes

O Índice de comercio polo miúdo (ICM) a prezos correntes aumenta un 0,6% en Galicia no mes de xuño de 2024, e un 1,1% no conxunto de España.

O índice xeral sen estacións de servizo rexistra unha taxa do 0,4% en Galicia e do 1,2% en España. Desagregando por produtos, en Galicia as vendas en Alimentación aumentan un 3,1% mentres que diminúen no Resto de produtos un 1,7%. No conxunto do Estado, rexístrase un incremento do 3,0% nas vendas en Alimentación e unha caída do 0,2% no Resto de produtos.

Nos seis primeiros meses do ano, o índice medra un 3,6% en Galicia e un 4,1% en España. As vendas en Alimentación aumentan un 6,3% en Galicia, máis que en España (6,0%). As vendas no Resto de produtos crecen máis en España (2,9%) que en Galicia (1,6%).

4. Índice de ocupación

O índice xeral de ocupación amosa unha taxa de variación interanual do 0,0% no mes de xuño en Galicia e do 1,5% no conxunto do Estado.


No que vai do ano, a ocupación aumenta en Galicia o 0,1% e en España o 1,9%.

5. Índices de ocupación por comunidades autónomas

A ocupación no comercio minorista aumenta en xuño en dez comunidades autónomas. Os maiores incrementos rexístranse en Madrid (4,0%) e Canarias (3,5%). As comunidades con maior diminución do persoal ocupado son Extremadura (-1,1%) e La Rioja (-1,1%).

Índice xeral de ocupación. Xuño 2024

Taxas de variación en %



Na primeira metade do ano, a ocupación aumenta en catorce comunidades autónomas. Madrid (5,3%) e Andalucía (3,0%) rexistran os maiores incrementos. Perden persoal ocupado La Rioja (-1,2%) e Extremadura (-0,8%).

Notas metodolóxicas

Os índices de comercio polo miúdo son uns indicadores conxunturais que teñen por obxecto coñecer as características fundamentais das empresas dedicadas ao exercicio do comercio polo miúdo en España, e que permiten medir, a curto prazo, a evolución da actividade das empresas incluídas na sección G da CNAE-2009.

Os índices calcúlanse como un índice Laspeyres encadeado con ano base 2021 (encadeamento mensual no mes de decembro).

Os índices de comercio polo miúdo a prezos constantes mostran a evolución das vendas do sector minorista unha vez eliminado o efecto que os prezos teñen sobre as ditas vendas.

Os deflactores que se utilizan nos distintos índices a nivel de comunidade autónoma son:

- Índice xeral de comercio minorista: IPC xeral sen IVE sen servizos nin alugueres; nin automóviles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento.
- Índice xeral sen estacións de servizo: IPC xeral sen IVE sen servizos nin alugueres; nin carburantes e lubricantes, nin automóviles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento; nin distribución de auga, nin electricidade nin gas.
- Índice Alimentación: IPC alimentos, bebidas e tabaco sen IVE.
- Índice Resto: IPC xeral sen IVE sen alimentos, bebidas e tabaco; nin servizos nin alugueres; nin carburantes e lubricantes; nin automóviles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento; nin distribución de auga, nin electricidade nin gas.

Os índices de comercio polo miúdo a prezos constantes obtéñense como cociente entre os índices de comercio polo miúdo a prezos correntes e o deflactor.

Anexo cadros

Cadro 1. Índices de comercio polo miúdo. Xuño 2024

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia						
Xeral	119,0	0,6	3,6	98,5	-2,2	0,4
Xeral sen estacións de servizo	118,4	0,4	3,6	97,4	-2,5	0,2
Alimentación	120,9	3,1	6,3	93,5	-1,4	0,9
Resto	116,5	-1,7	1,6	103,8	-2,7	0,6
España						
Xeral	127,6	1,1	4,1	105,9	-1,5	1,1
Xeral sen estacións de servizo	127,2	1,2	4,3	105,1	-1,4	1,1
Alimentación	128,6	3,0	6,0	99,6	-1,2	1,1
Resto	126,1	-0,2	2,9	114,1	-0,6	2,4

Fonte:INE

Cadro 2. Índices de comercio polo miúdo corrixidos de estacionalidade e calendario. Xuño 2024

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia						
Xeral	120,0	2,3	3,1	100,4	-0,1	-0,2
Xeral sen estacións de servizo	119,9	2,8	3,2	99,4	-0,3	-0,3
Alimentación	122,8	4,8	5,7	94,7	0,3	0,4
Resto	117,7	0,7	1,5	106,5	-0,2	0,5
España						
Xeral	127,1	3,2	3,8	105,4	0,3	0,7
Xeral sen estacións de servizo	126,1	3,3	3,9	104,5	0,6	0,7
Alimentación	129,4	4,4	5,5	100,4	0,5	0,3
Resto	123,6	2,0	2,6	113,0	1,5	2,1

Fonte:INE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados por INE

Cadro 3. Índice xeral do comercio polo miúdo por comunidades autónomas. Xuño 2024

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	127,6	1,1	4,1	105,9	-1,5	1,1
Andalucía	127,0	3,4	6,2	105,3	0,9	3,3
Aragón	118,9	1,5	4,3	98,3	-1,2	1,3
Asturias	117,0	-1,5	3,0	97,1	-4,0	0,5
Balears, Illes	159,8	0,9	2,1	133,0	-2,1	-0,9
Canarias	131,9	3,9	7,1	110,3	1,9	4,2
Cantabria	122,7	0,5	6,0	102,0	-1,6	3,0
Castilla y León	120,8	0,9	3,3	99,0	-1,7	0,2
Castilla-La Mancha	122,2	2,3	5,6	99,5	-0,6	2,2
Cataluña	129,9	2,0	4,6	108,1	-0,8	1,4
Comunitat Valenciana	130,0	3,5	4,8	108,5	1,1	2,0
Extremadura	120,3	0,6	3,6	99,1	-2,1	0,6
GALICIA	119,0	0,6	3,6	98,5	-2,2	0,4
Madrid	130,7	-3,8	0,9	109,4	-6,1	-2,0
Murcia, Región de	119,9	1,5	3,1	98,8	-1,2	0,3
Navarra	123,9	1,7	5,4	101,8	-1,5	2,1
País Vasco	122,2	0,1	4,4	101,2	-2,8	1,0
Rioja, La	121,8	1,4	4,1	100,4	-1,5	0,7
Ceuta	120,7	-0,3	3,5	99,2	-3,7	-0,1
Melilla	114,1	1,4	4,8	93,9	-0,9	2,2

Fonte:INE

Cadro 4. Índices de ocupación. Xuño 2024

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	104,5	0,0	0,1
Xeral sen estacións de servizo	104,3	-0,2	0,0
España			
Xeral	107,4	1,5	1,9
Xeral sen estacións de servizo	107,4	1,5	1,9

Fonte:INE

**Cadro 5. Índice xeral de ocupación por comunidades autónomas.
Xuño 2024**

	ÍNDICE	VARIACIONS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	107,4	1,5	1,9
Andalucía	109,5	2,7	3,0
Aragón	101,6	-0,7	0,0
Asturias	99,4	0,1	0,7
Balears, Illes	121,6	3,1	2,5
Canarias	111,2	3,5	2,7
Cantabria	103,4	-0,5	0,4
Castilla y León	104,1	0,8	0,5
Castilla-La Mancha	106,9	2,1	1,7
Cataluña	107,8	0,0	0,4
Comunitat Valenciana	107,6	-0,1	1,3
Extremadura	104,3	-1,1	-0,8
GALICIA	104,5	0,0	0,1
Madrid	108,0	4,0	5,3
Murcia	102,8	1,4	0,5
Navarra	103,3	1,2	0,7
País Vasco	104,1	0,2	0,2
Rioja, La	102,5	-1,1	-1,2
Ceuta	99,2	-0,4	0,2
Melilla	101,2	-0,8	-1,0

Fonte: INE